




SI

A Mocidade e as TIC

Edición 2020

XUNTA DE GALICIA



Índice de Contidos

- | | |
|---|---------|
| I. Introducción | Páx. 3 |
| II. Incidencia da mocidade no equipamento TIC dos fogares | Páx. 5 |
| III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías | Páx. 12 |
| IV. Conclusións | Páx. 21 |





I. Introducción

I. Introducción



Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia a partir dos resultados da Enquisa da Sociedade da Información nos Fogares Galegos, 2019.

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.



OBXECTIVOS

Avaliar a incidencia da presenza de nenos/as e mozos/as no fogar en relación ao equipamento e uso das tecnoloxías da información, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE.

Defínense como nenos/as a persoas residentes no fogar con idades dende os 3 anos ata o fin da educación obrigatoria: 16 anos.

O estudo tamén distingue a incidencia da presenza nos fogares de mozos/as estudantes, entre 16 e 34 anos de idade.



II. Incidencia da mocidade no equipamento TIC dos fogares


II. Incidencia da mocidade no equipamento TIC dos fogares



O 93,3% dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar dispón de ordenadores, superando en 24,6 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven con nenos/as.

Fogares con ordenadores segundo a convivencia con nenos / as

(% sobre o total de fogares)



A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria continúa a ser un factor que incide nunha maior presenza de equipamentos TIC como son os ordenadores (de sobremesa, portátiles, pda ou tablet) nos fogares galegos.

O incremento acumulado deste indicador nos fogares onde residen nenos/as entre 2016 e 2019 é de máis de 4 puntos porcentuais.


Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

* A partir do 2017: Dispón de ordenador fixo ou portátil, pda e tablet

II. Incidencia da mocidade no equipamento TIC dos fogares



Fogares con ordenador segundo a convivencia con estudantes
(% sobre o total de fogares)



Case a totalidade de fogares onde residen estudantes maiores de 16 anos (97,2%) están equipados con ordenadores, superando en 26,2 puntos porcentuais aos fogares onde non residen estudantes maiores de 16 anos.

Este indicador continua a crecer e supera, no 2019, á media galega en 22,6 puntos porcentuais.

Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

* A partir do 2017: Dispón de ordenador fixo ou portátil, pda e tablet


II. Incidencia da mocidade no equipamento TIC dos fogares



A contratación da internet está estreitamente relacionada coa convivencia ou non con nenos/as en idade escolar.

O 99% dos fogares con menores en idade escolar ten contratado Internet de banda larga, superando a media autonómica en 10,9 puntos porcentuais.

Fogares con Internet e banda larga contratada segundo a convivencia con nenos / as
(% sobre o total de fogares)



Novamente a contratación de Internet esténdese a case a totalidade dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, acadando o 99% de fogares que están conectados a Internet de banda larga, superando en 14,3 puntos porcentuais a porcentaxe de fogares onde non residen estes menores.


Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

Nota: a totalidade de fogares con Internet contan cunha conexión de banda larga.

II. Incidencia da mocidade no equipamento TIC dos fogares



Fogares con Internet e banda larga contratada segundo a convivencia con estudantes
(% sobre o total de fogares)



Outro factor que inflúe na contratación da internet é a convivencia con estudantes maiores de 16 anos. Nos fogares con estudantes, un 99,5% ten contratado Internet de banda larga, 13,2 puntos porcentuais máis que nos fogares onde non existe esa convivencia.

Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

Nota: a totalidade de fogares con Internet contan cunha conexión de banda larga.

II. Incidencia da mocidade no equipamento TIC dos fogares



O principal motivo de non contratar Internet en fogares sen nenos/as en idade escolar é a percepción de que non a necesitan.

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

Motivos	Convivencia con nenos / as		Total
	Con nenos / as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Non a necesitan	4,5%	54,8%	53,9%
Non a queren	4,5%	49,4%	48,5%
Teñen poucos coñecementos para usala	18,8%	44,6%	44,1%
Non lles resulta útil	4,5%	38,3%	37,6%
Non a coñocen	---	35,8%	35,1%
Custos de conexión demasiado elevados	73,3%	15,7%	16,9%
Custos altos dos equipos	70,9%	14,2%	15,3%
Téñena noutro lugar (traballo, centro de estudos...)	12,3%	3,6%	3,8%
Non é posible contratala no lugar onde está a súa vivenda	---	2,3%	2,2%

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Nos fogares sen nenos/as en idade escolar, os principais motivos polos que non dispoñen de Internet son a percepción da falta de necesidade, que non a queren ou ben que teñen poucos coñecementos para usala.

Os custes relativos á conexión a Internet e aos equipos son as barreiras para que nos fogares nos que se convive con nenos en idade escolar obrigatoria non se teña contratado Internet.

II. Incidencia da mocidade no equipamento TIC dos fogares



Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con estudantes maiores de 16 anos

Convivencia con estudantes			
Motivos	Con estudantes maiores de 16 anos	Sen estudantes maiores de 16 anos	Total
Non a necesitan	---	54,2%	53,9%
Non a queren	---	48,8%	48,5%
Teñen poucos coñecementos para usala	---	44,4%	44,1%
Non lles resulta útil	---	37,8%	37,6%
Non a coñocen	---	35,3%	35,1%
Custos de conexión demasiado elevados	54,0%	16,6%	16,9%
Custos altos dos equipos	74,5%	15,0%	15,3%
Téñena noutro lugar (traballo, centro de estudos...)	25,5%	3,7%	3,8%
Non é posible contratala no lugar onde está a súa vivenda	---	2,2%	2,2%

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

As causas para non ter contratado Internet de banda larga, nos fogares onde non residen estudantes maiores de 16 anos, son principalmente a percepción de que non a necesitan ou non a queren e os coñecementos para usala. No caso de fogares onde residen estudantes maiores de 16 anos, a principal motivación son os custes dos equipos(74,5%).



III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías


III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías



Uso de dispositivos electrónicos

O uso de dispositivos electrónicos entre a mocidade de 16 a 34 anos é do 99,4%.

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)


*A partir do 2017: usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses

O uso de dispositivos electrónicos entre os mozos e mozas de idades comprendidas entre os 16 e 34 anos (99,4%) supera en 15,2 puntos porcentuais á media de uso da poboación entre 35 e 74 anos.

III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías



Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos / as
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

*A partir do 2017: usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses



O uso de dispositivos electrónicos entre as persoas que conviven con nenos/as en idade escolar (3 a 16 anos) é do 93,3%, superando en 8,7 puntos porcentuais aos fogares sen nenos/as.


III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías



Uso de Internet

A porcentaxe de uso de Internet nos últimos tres meses entre a mocidade galega de 16 a 34 anos foi do 99,4%, superando á media autonómica en 13,8 puntos porcentuais

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)


O nivel de uso de Internet dos mozos e mozas galegas de 16 a 34 anos é case do 100%.

Aínda que os maiores de 35 a 74 anos quédanse no 81,5%, incrementase 7 puntos porcentuais respecto á edición anterior da enquisa.

III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo
a convivencia con nenos / as
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019) ■ 2016 ■ 2017 ■ 2018 ■ 2019




O uso de Internet nos tres últimos meses entre as persoas que conviven con nenos/as en idade escolar chega ata o 95,8%, fronte ao 82% das persoas que non conviven con nenos/as.

III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías



Frecuencia de uso de Internet nos últimos tres meses segundo a idade
(% sobre as persoas que usaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

■ Mozos (16-34 anos) ■ Maiores (35-74 anos) ■ Total



Os mozos/as de 16 a 34 anos que se conectan a Internet diariamente superan en case 13,9 puntos porcentuais ás persoas de 35 ou máis anos.


III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías



Compra electrónica

O 79,3% de mozos e mozas galegos de 16 a 34 anos compraron bens ou servizos a través de Internet durante o 2019, 35,5 puntos porcentuais máis que os maiores de 35 a 74 anos.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos / as
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)



O 65,9% de persoas que conviven con nenos/as en idade escolar obrigatoria, compraron a través de Internet, 18,9 puntos porcentuais máis que as persoas que non conviven con nenos/as no fogar.

III. Incidencia da mocidade no uso das tecnoloxías



Trámites coa Administración

Os internautas galegos de entre 16 e 34 anos optan con maior frecuencia por relacionarse coas AAPP a través da e-Administración, rexistrando vantaxes nos principais servizos superiores aos 18 puntos porcentuais respecto das persoas maiores de 34 anos.

Trámites coa administración

(% sobre persoas que usaron Internet nos últimos 12 meses)

Convivencia con nenos / as			
Trámites coa Administración	Mozos (16-34 anos)	Maiores (35-74 anos)	Total
Obter información da páxina web	86,6%	64,8%	70,6%
Descargar formularios oficiais	82,4%	61,5%	67,0%
Enviar formularios cubertos	81,5%	61,5%	66,8%
Descargar documentos xerados	65,6%	47,1%	52,0%

Fonte: OSIMGA + IGE (2019)



IV. Conclusións

IV. Conclusións



Son tres as variables que están en estreita relación co incremento do valor dos indicadores de uso dixital no fogar: (1) a convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria, (2) a convivencia con estudantes maiores de 16 anos e (3) ser un mozo/a de 16 a 34 anos.



A presenza de ordenador (sobremesa o portátil, tablet e PDA) nos fogares galegos é moito maior nos fogares onde residen nenos/as de 3 a 16 anos (93,3% fronte a 68,7%). O mesmo ocorre coa contratación de Internet de banda larga, presente na práctica totalidade de fogares onde residen nenos/as de 3 a 16 anos (99%) e onde se convive con estudantes maiores de 16 anos (99,5%).



A frecuencia do uso diario de Internet entre mozos/as de 16 a 34 anos sitúase no 96,1%, 13,9 puntos porcentuais máis ca as persoas de 35 a 74 anos.

A compra en liña é a actividade que máis distingue o comportamento dos mozos/as galegos e os maiores (de 35 a 74 anos). Entre a mocidade, un 79,3% adquiriu algún ben ou servizo no ano 2019. Esta porcentaxe redúcese ao 43,8% entre os 35 e 74 anos; 35,5 puntos porcentuais de diferenza.



O uso da eAdministración está máis estendido entre os mozos galegos ca entre os maiores, rexistrando nos principais servizos vantaxes superiores aos 18 puntos porcentuais respecto das persoas maiores de 34 anos.

galicia

